



pre-texto 77

Dende a Programación Expandida do TRCDanza 2021 e con motivo da presentación de “El alemán” de Diego Anido o vindeiro 13 de xuño de 2021 no Teatro Rosalía de Castro da Coruña, convidamos ao dramaturgo, compositor, músico e intérprete Fernando Epelde á elaboración deste Pre-Texto.

Fernando Epelde é un creador galego vencellado ás artes vivas. Achégase á escena dende a música, a escrita ou a dirección. Cunha traxectoria multidisciplinar que atende ás novas linguaxes, recibe como dramaturgo múltiples galardóns e becas como a da Toji Cultural Foundation (Corea do Sur), Iberescena (en Berlín), a Axuda a Dramaturxias Actuais do INAEM, así como do Laboratorio de Escrita Teatral da Fundación SGAE ou a Residencia Pascua del Anaco (Perú). Traballa a miúdo coa compañía galega Voadora tanto dentro como fóra do escenario. Compaxina o seu traballo de dramaturxia co seu proxecto musical Chisme e a súa máis constante labor de creador de espazos sonoros para teatro ou cinema.

Fernando Epelde sobre Diego Anido

Por que o personaxe de *O alemán* é alemán?

Quizais porque a obra pivota sobre os temas da condena e do perdón? Podería ser porque todo o texto resulta moito máis interesante con ese acento?

Ou seica é porque o personaxe permanece sentado sobre un frigorífico e é ben sabido que os mellores electrodomésticos son teutóns?

Insisto... Por que o personaxe desta peza é alemán? Eu teño moitas teorías respecto diso, pero quizais todas sexan certas.

Ese é o principal valor do traballo de Diego Anido.

Ides mergullarvos nunha peza solitaria, anarquista e libre.

UN HOME SÓ

Diego eleva o concepto de “só” á máxima potencia, sen deixar fóra ningunha acepción.

Cando penso nunha persoa illada sobre o escenario, penso nel.

Penso na silueta de “O alemán”, coa única compañía da súa neveira, un iogur caducado e unha culleriña.

Os poucos elementos que se dosifican ao longo da peza, non fan máis que reforzar esta idea.

Anido está só nisto.

Seica non é a embalaxe do iogur Danone un dos máis individualistas do mercado?

Crede que estes lácteos están pensados para compartirse cunha soa culleriña?

SACRIFICIO, SOIDADE E LIBERDADE

O alemán observa un iogur caducado nun estante da súa neveira e decide non comelo.

Decide salvalo.

O protagonista faise consciente do seu poder en escena: “Eu decido”, repite. “Eu decido!”.

El decide o que facer co seu iogur. Poña o que poña a etiqueta.

Seica hai algo máis alemán que sacrificar -ou perdoar- aos débiles? De onde era Schindler? De Puerto Rico? Imaxínadesvolo cunha listaxe, salvando -un a un- a tódolos produtos perecedoiros do Lidl?

Anido si.

Anido preséntanos esta clase de artefactos mentais: “A listaxe -da compra- de Schindler.”

O alemán investiga -desde o doméstico- a idea do sacrificio, por iso alude á figura xudía de Abraham como paradigma de entrega, pero tamén de tolemia e de liberdade. Con todo, para min, o mellor é que estes aspectos xorden

na peza a través da lóxica dos soños, que é outro tema-matriz de Anido.

O alemán demostra –formal e estilisticamente– que a soidade é sinónimo de liberdade.

Cantos podemos aturala?

Estar só –hoxe máis que nunca– é un acto radical. Demente. Tolo.

A montaxe fálanos da tolemia de ser un mesmo, o prezo a pagar por ser libre.

Pero libre de todo.

Libre para escoitar as túas voces. Eses ecos que, na peza, obrigan ao personaxe a tomar pequenas arrepiantes decisións que afectan á vida dos lactobacilos e das proteínas do leite.

Pero, sobre todo, á vida dos que deciden tomar as súas pequenas arrepiantes decisións.

COHERENCIA, MINIMALISMO E ANARQUISMO.

Hai algo extraordinariamente demandante neste solo.

O actor, o seu físico e os poucos elementos que se presentan, obríganos a mirar.

Hai tan pouco... que sería unha absoluta desvergoña pasar algo por alto e, con todo, o contido é infinito.

Cantas veces pregunteime de neno, se a luz da neveira permanecía acendida cando pechabamos a porta... Agradezo a “O alemán” a resposta a este enigma.

As cousas acontecen porque as miramos.

A continuidade estilística de Anido é a proba de que, se queres vivir eternamente, tes que ser minimalista.

O alemán, como *Paper-boy*, *Cucaracha* ou *Symon Pédicrí* traballan desde a liberdade perigosa de non atarse a nada.

Anido segue o seu camiño: as súas propias voces son as súas mellores conselleiras.

A diferenza de case tódolos demais creadores que conectamos co presente desde o conxuntural –e máis aínda no marco da arte subvencionada– Diego crea á marxe das temáticas de moda: o feminismo, o racial, a corrección política... para ofrecer pezas que traen osíxeno a un panorama –ás veces– domesticado.

O repertorio de Diego Anido mantén a súa frescura porque nace do acto máis puro, o que non admite engano nin artificio: A improvisación.

As súas pezas proveñen do interior desa neveira onde, como di o protagonista: “A vida é máis bela a catro graos, onde cada segundo toma o seu tempo”.

Desde a súa sinxeleza, cada instante de *O alemán* é un acto de total anarquía.

Anarquía como a que exsuda o protagonista nesa escena na que trata de abrir unha xanela: “Se podo abrila cos brazos, non me interesa” di o alemán. E iso é exactamente o que acontece nesta peza, na que asistimos a unha epopea que podería resumirse en doce palabras:

“Un home alemán abre a súa neveira e descobre un iogur caducado”.

Once palabras que eu tecleo cas mans, pero que Anido decide escribir cos pés.

Unha peza que preserva as súas calidades intactas dez anos despois.

Digan o que digan as etiquetas, grazas á vocación estrita de non atarse nada.

O alemán non caduca, porque é froito dun só home e da súa máis profunda liberdade.

Para min, iso é a autoría.

pre-texto número 77, publicado o 9 de xuño de 2021.

Este texto foi escrito por Fernando Epelde para o Proxecto de Programación Expandida do TRC Danza 2021 e a súa liña de publicacións denominada “Pre-textos” na que unha profesional é convidada a poñer en contexto a obra dunha determinada artista convidada ao programa TRC Danza, o programa estable de danza do Teatro Rosalía de Castro da Coruña.